

V CONCURSO DE CURTAMETRAXES "NON TE CORTES NO FORTE"

Convócasevos para ter a oportunidade de amosar o voso talento para interpretar, escribir guións, dirixir, pasalo ben ...

Animádevos a participar!

BASES DO CONCURSO

- Participación colectiva (poderán participar alumnos/as do CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto, **dende 5º de Primaria ata 4º de ESO**; o alumnado non ten que pertencer necesariamente á mesma clase.
- Nos créditos finais deben aparecer **un mínimo de 3 alumnos/-as e máximo de 6** (entre actores/actrices, guionistas, realizador/-a, etc., tendo en conta que un/unha mesmo/-a alumno/-a pode desempeñar diferentes funcións).
- O **nome completo e o/-s curso/-s** dos/as participantes deberán figurar nos créditos finais.
- O idioma empregado será o galego. Terase en conta a utilización dun vocabulario axeitado e minimamente coidado.
- Temática: "**Aprendo a pensar** " trátase de reflexionar sobre os actos que poden ter as persoas, un mesmo, como se comportan e responden ante un acontecemento. Este título é orientativo, poderase crear calquera outro que estime o grupo.
- Duración: **mínimo 2 minutos, máximo 10.**
- Terase en conta: os valores educativos que transmite, a orixinalidade, a calidade da imaxe e do son, así como a ambientación, o guión, o vestiario, a montaxe, a banda sonora... O xurado poderá declarar deserto o premio se considera que as curtametraxes presentadas non teñen a mínima calidade.
- A data límite de presentación será **o venres 13 de abril de 2018**. Os/as alumnos/as poderán entregar as súas curtametraxes en formato ".wmv" ou ".avi" ou en soporte dvd ou lapis de memoria (pen drive) á coordinadora do EDLG, Esther, a quen lle poderedes preguntar calquera dúbida.
- As dúas curtametraxes máis votadas polo xurado recibirán os seguintes premios: **1º premio:** Tarxeta regalo por valor de 30 € para cada alumno/-a e diploma de participación. **2º premio:** Tarxeta regalo por valor de 15 € para cada alumno/-a e diploma de participación.
- As curtametraxes gañadoras serán proxectadas durante a Semana Cultural e serán publicadas no blog do EDLG.